

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 26 DE NOVEMBRO DE 2019

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e seis de novembro de dous mil dezanove, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten e presentan escusa don Juan González Leirós e don Daniel Mallo Castro.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, dos borradores das actas da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 15 de novembro de 2019 e da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 19 de novembro de 2019

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 15 de novembro de 2019 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 19 de novembro de 2019 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Resolución do 7 de novembro de 2019, da Dirección Xeral de Inclusión Social, Consellería de Política Social, pola que se procede á publicación da Resolución do 25 de outubro de 2019 do procedemento BS623C de concesión de axudas a corporacións locais para programas de emerxencia social e inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e se procede á súa convocatoria para os anos 2019 a 2021 (cofinanciada polo Fondo Social Europeo no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020). Figura o Concello de Cambre dentro dos programas complementarios de educación e apoio familiar dirixidos á inclusión social dos menores a cargo coas seguintes actuacións e cos importes adxudicados seguintes:

□ proxecto Prisma-Educación familiar: adxudicado 2019, 3.030,72 euros; adxudicado 2020, 36.346,99 euros; adxudicado 2021, 21.301,63 euros; total adxudicado, 60.679,34 euros.

□ proxecto Píllara. Apoio e educación familiar: adxudicado 2019, 0 euros; adxudicado 2020, 36.346,99 euros; adxudicado 2021, 21.301,63 euros; total adxudicado, 57.648,62 euros.

(Diario Oficial de Galicia número 220, do 19 de novembro de 2019).

- Resolución do 14 de novembro de 2019, do Servizo Provincial da Coruña, Axencia Galega de Infraestruturas, Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, pola que se acorda o pagamento de mutuo acordo por expropiación para a obra "Proxecto de construción da Vía Ártabra. Treito: N VI-AP 9" de clave AC/04/156.01.4.1, nos concellos de Cambre, Oleiros e Sada. (Boletín Oficial da Provincia número 222, do 21 de novembro de 2019).

- Resolución do 12 de novembro de 2019, da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, pola que se publica a Resolución do 11 de novembro de 2019, das axudas convocadas na Orde do 8 de agosto de 2019 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o investimento na mellora das infraestruturas e do equipamento das escolas infantís 0-3 e os puntos de atención á infancia (PAI) dependentes de corporacións locais (cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020) e se convocan para o ano 2019. (Diario Oficial de Galicia número 223, do 22 de novembro de 2019).

- Orde do 10 de outubro de 2019 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de aprobación das normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 224, do 25 de novembro de 2019).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 15 ao 21 de novembro do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Xuventude número 2286/2019 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Xuventude número 2319/2019, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data	Asunto
------------	------	--------

	sinatura	
2286/2019	15-11-2019	Aprobación concesión bolsas deportistas 2019
2287/2019	15-11-2019	Concesión axuda recibo auga por importe de 43,87 euros. Solicitante: MEG
2288/2019	15-11-2019	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 19 de novembro de 2019
2289/2019	15-11-2019	Expedientes sancionadores de tráfico
2290/2019	15-11-2019	Licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos
2291/2019	15-11-2019	Baixa de recibos polo servizo de subministro de auga e sumidoiros liquidados a contribuíntes e liquidacións aos substitutos do contribuínte
2292/2019	15-11-2019	Expediente de xeración de crédito número 8/2019. Plataforma salvaescaleiras polideportivo O Graxal
2293/2019	15-11-2019	CM a Paula Carballeira / Programa A BIBLIOTECA CONTA de animación á lectura nas Bibliotecas Municipais. As actuacións terán lugar de novembro a decembro (2019), e de xaneiro a maio (2020).
2294/2019	15-11-2019	Pago a conta dos servizos de depuración de augas residuais prestados en 2018 e primeriro e segundo trimestre 2019
2295/2019	15-11-2019	Solicitud de fraccionamento de débeda de Sandra Cabral Lago: Sanción por infracción continuada de instalación de terraza sen licenza municipal fronte do local denominado "Jaleo" en Anxel Fole
2296/2019	15-11-2019	Segundo requirimento a GNS, SDG, S.A., para que presente a documentación esixida no marco do no procedemento de inspección P.I. 1/2019
2297/2019	15-11-2019	Aprobación do pagamento fraccionado do Imposto sobre o valor da produción da enerxía eléctrica de 2019
2298/2019	15-11-2019	Autorización comisión de servizos no Concello da Coruña M ^a CPS
2299/2019	18-11-2019	Convocatoria da sesión conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 21 de novembro de 2019
2300/2019	18-11-2019	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 60.727,49 euros
2301/2019	18-11-2019	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 77.870,91 euros
2302/2019	18-11-2019	Aprobación de liquidacións do prezo público polo Programa de actividades xuvenís mes de outubro 2019
2303/2019	18-11-2019	Sesión extraordinaria da Comisión Especial de Contas do día 21 de novembro de 2019
2304/2019	18-11-2019	Convocatoria de sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 21 de novembro de 2019
2305/2019	18-11-2019	Baixa de recibos de auga a nome de EM ^a BI e aprobación de novas liquidacións por erro no suxeito pasivo (3º e 4º T 2015)



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

2306/2019	18-11-2019	Subministración de campás industriais LED para pavillóns polideportivos municipais
2307/2019	18-11-2019	Convocatoria do grupo de seguimento do Plan estratéxico de subvencións (PES) para o xoves 21 de novembro de 2019 ás 14:00 horas
2308/2019	19-11-2019	Conceder a axuda recibo auga por importe de 51,93 euros. Solicitante: MJBB
2309/2019	19-11-2019	Devolución avais depositados para garantir a correcta execucion da obra urbanizadora para a construción da vivenda unifamiliar sita en Espiñeiro, Brexo
2310/2019	19-11-2019	Servizo de organización e desenvolvemento do curso monitor de comedor escolar 2019
2311/2019	19-11-2019	CM revisión e limpeza dos canalóns de polideportivos municipais
2312/2019	19-11-2019	Solicitud asignación de número. Solicitante: PGP
2313/2019	19-11-2019	Licenza para construción de nave industrial dedicada á fabricación de embarcacións de plástico e outros, en rúa Zeppeling esquina rúa Daimler
2314/2019	20-11-2019	Expediente de transferencia de crédito núm. 10/2019. Vehículo Policía local
2315/2019	21-11-2019	Orde de execución por estado de edificación sita en San Bartolomeu, Pravio. Propiedade: Diócesis de Oviedo
2316/2019	21-11-2019	Celebración matrimonio civil o día 23.11.19, con AMGR
2317/2019	21-11-2019	Voda con JAP o día 23-11-19 ás 13.30 horas
2318/2019	21-11-2019	Solicitud da Comunidade de propietarios de Costa da Tapia (O Temple) de bonificación da cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras por proxecto de instalación dun ascensor no edificio
2319/2019	21-11-2019	Aprobación do programa de actos de Nadal do mes de decembro

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Aprobación do expediente de contratación número 2019/C006/000004, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática), correspondente á suscripción dunha póliza de seguros de accidentes para os participantes nas actividades organizadas polo Concello de Cambre
- Proposta de aprobación do Plan de obra presentado pola empresa *Canarga, S.L.* adxudicataria da obra "Mellora do Camiño municipal 0091 Opastel, Pravio, Cambre", inversión cofinanciada ao abeiro da Resolución do 28 de decembro de 2018 da AGADER - DOG nº 21 de 30/01/2019, para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de Mellora de camiños municipais 2019-20. Expediente: 2018/C003/000008

- Proposta de adxudicación da “Suministración de equipos de protección individualizada (EPI’S) para o desenvolvemento dos cursos do Plan AFD 2019-2020 e do taller de emprego PROXEDIS-PROWEB durante o curso académico 2019-2020, con posibilidade de prórroga ao curso académico 2020-2021”, a prol do licitador “Pablo Carrón Reboredo”, no prezo ofertado por curso académico para os cursos subvencionados de 7.597,22 € sen IVE, 9.192,63 € IVE incluído. Expte: 2019/C005/000009

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

A. Aprobación do expediente de contratación número 2019/C006/000004, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática), correspondente á suscripción dunha póliza de seguros de accidentes para os participantes nas actividades organizadas polo Concello de Cambre

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 22 de novembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“O Concello de Cambre ten a necesidade de contar coa correspondente póliza que dea cobertura a todos os participantes das actividades que organice o Concello de Cambre, e que garanta a prestación de asistencia médico-cirúrxica, farmacéutica e hospitalaria e a indemnización de danos producidos como consecuencia de accidente motivado polo feito ou con ocasión do exercicio de actividades culturais, deportivas, extraescolares, xuvenís, sociais e outras, dada a inmediatez do vencemento da actual póliza en vigor.

Con data do 19 de novembro de 2019, elaborouse polo mediador de seguros contratado polo Concello de Cambre, da correduría “B.V.C. Artai, Correduría de Seguros, S.A.”, o prego de prescricións técnicas para a contratación da citada póliza, con efectos desde o 01.03.2020 e un importe de prima anual máximo de 26.000,00 euros.

Con data do 19 de novembro de 2019, asínase polo mediador de seguros contratado polo Concello de Cambre, da correduría “B.V.C. Artai, Correduría de Seguros, S.A.”, o informe técnico relativo aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores, penalidades administrativas, obrigas esenciais e condicións especiais de execución do contrato .

Con data do 22 de novembro de 2019 asínase polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal, e máis pola coordinadora de Servizos Sociais municipal , a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade , insuficiencia de medios , xustificación da non división en lotes e da elección do procedemento , cun valor estimado total de 57.200,00 euros e un orzamento base de licitación de 26.000,00 euros

Consta Informe de Intervención asinado o 18 de novembro de 2019 pola técnica de xestión orzamentaria de gastos e contabilidade, respecto da existencia no orzamento de 2019 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 920.22400

Consta a providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos , de data 22 de novembro de 2019, de inicio do expediente de contratación, de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da Secretaría xeral e máis do interventor municipais, de data 22 de novembro de 2019, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para cumprir coas competencias que ten atribuídas o Concello na súa calidade de Administración Pública con personalidade xurídica e con persoal e patrimonio propio, de conformidade co establecido na normativa de seguros (Lei 50/80 do contrato de seguros, e Lei 26/2006 de mediación de seguros e reaseguros privados), polo que cómpre contar coas correspondentes pólizas de seguro que garantan aos participantes naquelas actividades que se organicen polo Concello de Cambre en canto Administración Pública prestadora de servizos, co que queda debidamente xustificada a necesidade do contrato para cumprir cos fins institucionais segundo o previsto nos arts. 1, 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En concreto, o obxecto desta contratación consiste na contratación dunha póliza de seguros que, con efectos desde o día 1 de marzo de 2020, garanta a asistencia médico-cirúrxica, farmacéutica e sanatorial, e a indemnización de danos producidos como consecuencia de accidente motivado polo feito e con ocasión do exercicio de actividades culturais, deportivas, extraescolares , xuvenís, sociais e outras organizadas polo Concello de Cambre.

Con esto queda debidamente xustificada a necesidade da contratación para cumprir cos fins institucionais segundo o previsto nos artigos 1, 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2019/C006/000004, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adxudicación, de apreciación automática), correspondente á suscripción dunha póliza de seguros de accidentes para os participantes nas actividades organizadas polo Concello de Cambre, cun valor estimado total de 57.200,00 euros e un orzamento base de licitación de 26.000,00 euros , isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159 e concordantes da LCSP.

Terceiro: O presente expediente de contratación está suxeito a tramitación anticipada, de conformidade co establecido na Disposición adicional 3ª. Punto 2. da Lei 9/2017 de Contratos do

sector público. Esta circunstancia débese a que a execución material do presente contrato comezará no exercicio orzamentario de 2020 , tendo en conta que a efectividade da póliza que se vai contratar comezará o día 1 de marzo de 2020. Por tanto, tal e como se contempla na disposición adicional 3ª.2. da Lei 9/2017 de Contratos do sector público, que establece que “Se poderán tramitar anticipadamente os contratos cuxa execución material haxa de comezar no exercicio seguinte (...), sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente”, tanto a adxudicación do presente contrato , como a súa posible prórroga, quedan suxeitas á condición suspensiva da efectiva existencia de crédito no exercicio orzamentario correspondente.

Cuarto: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo prego de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Quinto : Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por:

Presidenta: A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós .

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

O coordinador de actividades culturais e educativas municipal don José Luis Martínez Názara, e como suplente, a coordinadora de Servizos Sociais municipal dona Ana Mª Monje Barcia

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona Mª Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Sexto: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma

de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

Sétimo: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B. Proposta de aprobación do Plan de obra presentado pola empresa *Canarga, S.L.* adxudicataria da obra “Mellora do Camiño municipal 0091 Opastel, Pravio, Cambre”, inversión cofinanciada ao abeiro da Resolución do 28 de decembro de 2018 da AGADER - DOG nº 21 de 30/01/2019, para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de Mellora de camiños municipais 2019-20. Expediente: 2018/C003/000008

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 25 de novembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co número 2019/C003/000008 para a contratación por procedemento aberto simplificado da obra “Mellora do camiño municipal 0091 O Pastel, Pravio, Cambre”, inversión cofinanciada ao abeiro da Resolución do 28 de decembro de 2018 da AGADER - DOG nº 21 de 30/01/2019, para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de Mellora de camiños municipais 2019-20.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de agosto de 2019 polo que se adxudicou a obra á empresa *Canarga, S.L.* asinándose o correspondente contrato o día 4 de setembro de 2019.

Visto o programa de obra presentado pola empresa adxudicataria *Canarga, S.L.* co rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 21 de novembro de 2019 e número 201999900001925.

Visto o informe favorable emitido con data 22 de novembro de 2019 pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, directora da obra e responsable do contrato.

Á vista do establecido para o efecto na cláusula 18 do prego de Cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente de contratación.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o plan de obra presentado pola empresa *Canarga, S.L.*, para a execución da “Mellora do camiño municipal 0091 O Pastel, Pravio, Cambre”, inversión cofinanciada ao abeiro da



Resolución do 28 de decembro de 2018 da AGADER - DOG nº 21 de 30/01/2019, para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de Mellora de camiños municipais 2019-20.

Segundo: Notificar este acordo á empresa *Canarga, S.L.* e a dona Ana Linares Álvarez, da entidade *Applus Norcontrol S.L.U.*, coordinadora da seguridade e saúde da obra, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Terceiro: Notifíquese á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C.- Proposta de adjudicación da “Subministración de equipos de protección individualizada (EPI’S) para o desenvolvemento dos cursos do Plan AFD 2019-2020 e do taller de emprego PROXEDIS-PROWEB durante o curso académico 2019-2020, con posibilidade de prórroga ao curso académico 2020-2021”, a prol do licitador “Pablo Carrón Reboredo”, no prezo ofertado por curso académico para os cursos subvencionados de 7.597,22 € sen IVE, 9.192,63 € IVE incluído. Expte: 2019/C005/000009

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 25 de novembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 8 de outubro de 2019 aprobouse pola Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre o expediente de contratación incoado co nº 2019/C005/000009 para a adjudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado (cun único criterio de adjudicación: factor prezo), da “Suministración de equipos de protección individualizada (EPI’S) para o desenvolvemento dos cursos do Plan AFD 2019-2020 e do taller de emprego PROXEDIS-PROWEB durante o curso académico 2019-2020, con posibilidade de prórroga ao curso académico 2020-2021”, cun

orçamento base de licitación para un curso académico de 15.726,25 € sen IVE, 19.028,76 € IVE incluído.

As especialidades formativas destinatarias das subministracións fóron as seguintes :

- Soldadura con electrodo revestido e TIG
- Soldadura oxigás e soldadura MAG-MIG
- Montaxe emantemento de instalacións solares térmicas
- Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais
- Taller Emprego PROXEDIS-PROWEB

Vista a valoración das ofertas presentadas, consonte ao criterio contemplado na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares (prezo ofertado á baixa) e que consta na Acta do órgano de asistencia de data 12 de novembro de 2019, así como a proposta de adjudicación efectuada polo órgano de asistencia coa mesma data a prol do licitador "Pablo Carrón Reboredo", por ser o licitador que obtén a maior puntuación en aplicación do único criterio de adjudicación (prezo ofertado á baixa) que consta na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adjudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159, puntos 4 e 6, da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, segundo informe da axente de Desenvolvemento Local municipal de data 18 de novembro de 2019.

Tendo en conta que, segundo consta na cláusula 8 e epígrafe 5 do Anexo I (Cadro de Características do Contrato), do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do contrato, e máis no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local con data do 8 de outubro de 2019 no seu punto Terceiro,

*"O presente contrato está **suxeito a tramitación anticipada**, de conformidade co establecido na Disposición adicional 3ª. Punto 2. da Lei 9/2017 de Contratos do sector público. Esta circunstancia débese a que o presente contrato está condicionado á aprobación total ou parcial dunha subvención por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, que financiará a programación de formación Plan AFD e o proxecto Taller de Emprego. Por tanto, tal e como se contempla na disposición adicional 3ª.2. da Lei 9/2017 de Contratos do sector público, que establece que "Se poderán tramitar anticipadamente os contratos cuxa execución material haxa de comezar no exercicio seguinte ou aqueles cuxa financiamento dependa dun préstamo, un crédito ou unha subvención solicitada a outra entidade pública ou privada, sometendo a adjudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente", tanto a adjudicación do presente contrato, como a súa posible prórroga, quedan suxeitas á condición suspensiva da efectiva aprobación da subvención solicitada á Xunta de Galicia."*

Visto o informe emitido pola axente de desenvolvemento local municipal coa conformidade da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local Municipal con data do 22 de novembro, do que se deriva que, da totalidade dos cursos para os que se solicitaba a subvención cuio outorgamento constitúe condición para a adxudicación do contrato, soamente se concedeu financiación para os seguintes:

Soldadura con electrodo revestido e TIG
Soldadura oxigás e soldadura MAG-MIG
Taller Empleo PROXEDIS-PROWEB

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 25 de novembro de 2019, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 380 FASE D/AD emitido polo interventor municipal con data do 25 de novembro de 2019.

De conformidade co establecido nas cláusulas 8 e 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 e máis na Disposición adicional 3ª. Punto 2. da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, e á vista da concesión parcial da subvención solicitada á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, e cuio outorgamento constitue condición suspensiva tanto para a adxudicación do presente contrato como para a súa posible prórroga,

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: De conformidade coas propostas formuladas con datas 8 e 12 de novembro de 2019 polo Órgano de Asistencia designado no presente expediente, declarar válida a licitación, admitindo nela as ofertas presentadas polos licitadores que seguidamente se relacionan, por ter presentado os sobres ou arquivos electrónicos coas condicións e requisitos establecidos na cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente:

- Exclusivas Alonso Deive, S.L.
- Pablo Carrón Reboredo
- Peycar Pontevedra, S.L.
- Tania González Fernández ("Stilo Propio, S.L.")
- Suministros Punto Fijo, S.L.

Segundo: Aprobar, de acordo coa proposta do órgano de asistencia que consta no informe de apertura e valoración de ofertas de data 12 de novembro de 2019, a seguinte valoración das proposicións presentadas na súa correspondente orde decrecente, así como o límite para o cálculo de posibles ofertas anormalmente baixas, que queda establecido naquelas inferiores ao prezo por curso de **11.274,57 euros** :

LICITADORES	OFERTA PRESENTADA	PUNTUACIÓN
Pablo Carrón Reboredo	13.971,14 euros	100,00 puntos
Exclusivas Alonso Deive S.L.	14.851,30 euros	94,07 puntos
Suministros Punto Fijo S.L.	15.029,17 euros	92,96 puntos
Tania González Fernández (Stilo Propio)	16.619,59 euros	84,06 puntos
Peycar Pontevedra S.L.	17.373,06 euros	80,42 puntos

Terceiro: De conformidade coa proposta formulada polo órgano de asistencia designado no presente expediente con data do 12 de novembro de 2019, e tendo en conta que o presente contrato está **suxeito a tramitación anticipada**, de conformidade co establecido na Disposición adicional 3ª. Punto 2. da Lei 9/2017 de Contratos do sector público, debido a que o presente contrato está condicionado á aprobación total ou parcial dunha subvención por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, polo que , tanto a adjudicación do presente contrato , como a súa posible prórroga, quedan suxeitas á condición suspensiva da efectiva aprobación da subvención solicitada , e tendo en conta así mesmo o informe emitido pola axente de desenvolvemento local coa conformidade da Responsable da área de data 22 de novembro actual, adjudicar a “Suministración de equipos de protección individualizada (EPI’S) para el desarrollo de los cursos del Plan AFD 2019-2020 y del taller de empleo PROXEDIS-PROWEB durante o curso académico 2019-2020, con posibilidade de prórroga ao curso académico 2020-2021”, ao licitador “Pablo Carrón Reboredo”, con NIF8831A e domicilio en rúa Montefaro 78 baixo – 36500 Lalín (Pontevedra), no prezo ofertado por curso académico para os cursos subvencionados de 7.597,22 € sen IVE, 9.192,63 € IVE incluído , e nos prezos por curso académico e por actividade que seguidamente se relacionan, por ser o licitador mellor valorado de acordo co único criterio de adjudicación que consta na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares (prezo ofertado á baixa) e sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa. :

ESPECIALIDADE FORMATIVA	Coste base	10% Gastos Xerais	6% Benef Ind	Pto Total Sen IVE	21% IVE	TOTAL PRESUP OSTO
Soldadura con electrodo revestido e TIG	2.331,98	233,20	139,92	2.705,10	568,07	3.273,17
Soldadura oxigás e soldadura MAG-MIG	2.273,36	227,34	136,40	2.637,10	553,79	3.190,89
Taller Empleo PROXEDIS-PROWEB	1.943,98	194,40	116,64	2.255,02	473,55	2.728,57
TOTAL	6.549,32	654,94	392,96	7.597,22	1.595,41	9.192,63

Os anteriores prezos por curso académico e actividade establécense sen prexuízo dos prezos unitarios que constan no presuposto desagregado que se achega á proposición económica do adjudicatario formando parte dela.

A posible prórroga do contrato ao curso 2020-2021, queda suxeita á condición suspensiva da efectiva aprobación da subvención que se solicite á Xunta de Galicia.

Cuarto: De conformidade co establecido na cláusula 16.2 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente, e tendo en conta o establecido no artigo 159.6 g) LCSP, por atoparnos ante un procedemento aberto simplificado abreviado, entenderase formalizado o contrato mediante a firma da aceptación polo contratista adxudicatario do acordo de adxudicación que lle sexa notificado, e que deberá aceptar no prazo de 10 días hábiles seguintes á notificación.

De conformidade co establecido na cláusula 21 do Prego de cláusulas administrativas particulares, o licitador presentará, antes de comezar a execución do contrato e unha vez asinada a aceptación do acordo de adxudicación que lle sexa notificado, unha copia dun Seguro de Responsabilidade Civil, para facer fronte aos danos a terceiros das responsabilidades inherentes ao obxecto do contrato, coas coberturas de Responsabilidade Civil da actividade obxecto do contrato e a Responsabilidade Patronal, cunha contía mínima de 600.000 euros por sinistro e un sublímite mínimo de 300.000 euros por vítima. Así mesmo presentará copia do recibo que confirme que se atopa ao corrente do pago da devandita póliza.

Quinto: Nomear como responsable do contrato á axente de Desenvolvemento Local municipal, de conformidade co establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares e máis no artigo 62.1 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que lle corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sexto: Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Sétimo: Notifíquese á responsable do contrato, e máis ao departamento de Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia